

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)  
CELEBRADA O DÍA 26/08/2021**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE  
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Asistentes

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES  
-DONA SONIA OUTÓN CASAL  
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO  
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ  
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA  
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA  
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO  
-DONA MATILDE LAYA LORENZO  
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN  
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA  
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ  
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO  
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ  
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Non asistentes:

-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ  
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO  
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 26/08/2021, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 29 de xullo de 2021.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes xullo de 2021.

3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas

4. Aprobación inicial, se procede, das Bases Reguladoras de Axudas Municipais de Inclusión Social (AMIS)

5. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, sobre a realización dunha auditoría de seguridade aos edificios de Vilagarcía e a creación dun fondo de axudas ás Comunidades de Propietarios.

6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, para a implantación dun punto violeta no Concello.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre medidas urxentes para poñer fin ao abandono na conservación dos espazos públicos en Vilagarcía.

8. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

9. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

10. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

11. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29 DE XULLO DE 2021.**

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta de 29 de xullo de 2021.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (17 de 21) a acta da sesión anterior de data 29 de xullo de 2021.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210826&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XULLO DE 2021:** Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

**RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:**

- 1 Corrección de erro e ampliación de prazo presentación de ofertas licitación
- 3 Aprobación de pregos de licitación
- 1 Aprobación Convenio Atlantic Fest
- 9 Expediente de modificación de crédito por xeración de crédito
- 1 Expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito
- 1 Expediente de modificación de saldos
- 1 Delegación de funcións de Lino Mouriño en Paola María
- 1 Trámites obtención certificado dixital Alcalde
- 3 Alta no rexistro de animais potencialmente perigosos
- 2 Licenza tenza animais potencialmente perigosos
- 2 Resolución autorización festas e verbenas
- 3 Autorización tirada de fogos de artificio
- 1 Recurso de reposición expediente sancionador de tráfico
- 7 Alegacións expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Compensación económica vacacións pendentes de Alfredo Gutierrez
- 1 Aboamento nocturnidade e domingos
- 11 Nomeamento funcionario/a interino/a
- 7 Gratificación substitución posto categoría superior
- 2 Delegación Secretaria.
- 1 Comunicación Xunta substitución Secretaria Xeral
- 1 Aboamento Plan de Pensións xullo
- 1 Designación letrado en representación do Concello en procedemento xudicial
- 4 Resolución estimatoria de Pagos Duplicados
- 5 Resolución estimatoria taxas e prezos públicos
- 1 Resolución estimatoria compensación de débedas
- 3 Resolución estimatoria recibos
- 5 Resolución estimatoria liquidacións e baixas
- 11 Resolución estimatoria beneficios fiscais no IVTNU
- 4 Resolución estimatoria beneficios fiscais no IVM
- 1 Pago comisión TPV
- 5 Orde de pago facturas
- 1 Pago costas Xulgado Contencioso Administrativo n.º 3 de Pontevedra
- 4 Pago préstamos bancarios
- 1 Pago axudas emerxencia social municipal
- 1 Pago Augas de Galicia
- 2 Legalización obras
- 4 Cambio de titularidade actividade comercial
- 6 Deber de conservación
- 1 Aprobación de Estatutos Entidade Urbanística
- 18 Reposición da legalidade urbanística
- 1 Denegación outorgamento de licenza instalación parasol en establecemento hostalería
- 2 Inadmisión documentación expediente licenza de obras
- 1 Caducidade e arquivo de expediente de solicitude de licenza de obras
- 1 Concesión de licenza de primeira ocupación
- 2 Conformidade ao proxecto de execución
- 4 Licenza de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras
- 2 Prórroga licenza de obras
- 3 Declaración ineficacia comunicación previa

2 Renuncia tramitación da comunicación previa  
8 Licenza para ampliación rede eléctrica ou de telecomunicacións  
4 Licenza legalización obras  
1 Licenza para corta de arborado  
1 Prórroga comunicación previa  
2 Licenza de segregación  
9 Licenza de obra menor  
20 Licenza de obra maior  
50 Comunicación previa realización de obras  
8 Licenza acometida rede de auga e/ou saneamento  
1 Plan despregue de fibra óptica  
1 Licenza canalización de gas  
1 Aceptación terreos cedidos

TOTAL: 262

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **3- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS DE AXUDAS MUNICIPAIS DE INCLUSIÓN SOCIAL (AMIS).-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de agosto de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, do seguinte teor:

**ASUNTO: PROPOSTA DE APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS DE AXUDAS MUNICIPAIS DE INCLUSIÓN SOCIAL (AMIS)**

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento, establece os Servizos Sociais comunitarios básicos como o primeiro nivel de intervención dirixindo actuacións cara a prevención, a atención íntegra e a incorporación sociolaboral das persoas.

Entre as funcións dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos, reguladas no Decreto 99/2012, de

16 de marzo, figuran as seguintes:

- A identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco.
- A atención, información en relación ás demandas e a consecuente intervención no caso, que incluírá, a derivación cara o recurso idóneo ou a asistencia nos trámites necesarios para acceder a outros recursos.
- A participación na xestión de prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos presonalizados.

O Concello de Vilagarcía de Arousa, habilitado para xestionar as axudas municipais de emerxencia social como prestación económica de carácter xeral, sendo necesario contar con bases para regular as axudas municipais de inclusión social, destinadas a resolver ou paliar situacións de risco, co obxecto de potenciar a transparencia, eficiencia e eficacia deste gasto público, entendido como recurso facilitador no “reforzamento de procesos de inclusión social e na atención á situación de grave emerxencia que poidan desencadear un proceso de exclusión social.

Polo exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente as Bases reguladoras de axudas municipais de inclusión social (AMIS) do Concello de Vilagarcía de Arousa.

**SEGUNDO:** Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente obxecto da proposta no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial deste, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción do novo acordo do Pleno Municipal que así o declare, de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70 da L.R.B.R.L.

**TERCEIRO:** Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das bases, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e entrarán en vigor tras a nova publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación expresa.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación das Bases Reguladoras de axudas municipais de Inclusión Social (AMIS).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11). PP (3) e Ciudadanos (1), e dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1),

**ACÓRDASE:** Por maioría:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente as Bases reguladoras de axudas municipais de inclusión social (AMIS) do Concello de Vilagarcía de Arousa.

**SEGUNDO:** Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente obxecto da proposta no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial deste, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción do novo acordo do Pleno Municipal que así o declare, de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70 da L.R.B.R.L.

TERCEIRO: Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das bases, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e entrarán en vigor tras a nova publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación expresa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN, SOBRE A REALIZACIÓN DUNHA AUDITORÍA DE SEGURIDADE AOS EDIFICIOS DE VILAGARCÍA E A CREACIÓN DUN FONDO DE AXUDAS ÁS COMUNIDADES DE PROPIETARIOS:** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de agosto de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común coa data de 4 de agosto de 2021, do seguinte teor:

Moción

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Manuel Fajardo Recousó, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción Exposición de Motivos.

Durante os últimos meses Vilagarcía sofre unha especie de vaga en forma de desprendementos en fachadas, algúns con fatais consecuencias. Esta situación ademais de moi perigosa, supón que multitude de rúas do noso concello estean cortadas ao tráfico e restrinxidas o uso peonil, así un exemplo no barrio dos Duráns a rúa Eduardo Pondal leva meses cortada e a mesma situación repítese de forma parcial en dúcias de rúas.

Vilagarcía precisa sen demora dun plan municipal que ataque os dous flancos, un primeiro que é a seguridade e polo tanto evitar que os desprendementos poidan causar danos persoais e materiais, polo que o concello debería iniciar unha campaña de inspección de tódolos edificios de Vilagarcía, e un segundo que é axudar a financiar as obras de rehabilitación e arranxo que requiran os edificios.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Vilagarcía en Común, propón a adopción dos seguintes Acordos:

Primeiro.- O Concello iniciará de inmediato unha campaña de inspección das fachadas de tódolos edificios de Vilagarcía, co fin de detectar as deficiencias que supoñan un risco.

Segundo.- O Concello habilitará unha liña de axudas e subvencións para axudar as comunidades de propietarios a facer fronte as medidas que deban acometer para evitar estes riscos.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, sobre a realización dunha auditoría de seguridade aos edificios de Vilagarcía e a creación dun fondo de axudas ás Comunidades de

Propietarios.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con cinco votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (3), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila, 1 abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Ciudadanos (1), e once votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, sobre a realización dunha auditoría de seguridade aos edificios de Vilagarcía e a creación dun fondo de axudas ás comunidades de propietarios.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA, PARA A IMPLANTACIÓN DUN PUNTO VIOLETA NO CONCELLO:** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de agosto de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, coa data de 12 de agosto de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de agosto, a seguinte moción:

**MOCIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DA FERRAMENTA PUNTO VIOLETA NO CONCELLO.**

O Consello de Ministras e Ministros aprobou o pasado 27 de xullo de 2021 un catálogo de medidas urxentes do 'Plan de Mellora e Modernización contra a Violencia de Xénero'. Este conxunto de medidas é froito do traballo conxunto e acordo entre o Ministerio de Igualdade, o Ministerio do Interior, Xustiza, Sanidade e Dereitos Sociais e Axenda 2030 para avanzar cara a erradicación das violencias estruturais contra as mulleres coa implicación do conxunto da sociedade de forma directa.

Propóñense un conxunto de medidas encamiñadas á sensibilización da sociedade, da contorna das vítimas de violencia machista, detectar de forma temperá a violencia en servizos públicos de proximidade, apoiar a autonomía das mulleres para que rompan coa violencia, protexer aos nenos e as nenas fronte á violencia e reforzar a protección e a seguridade das vítimas en risco, con e sen denuncia.

No desenvolvemento destas medidas, desde o Ministerio de Igualdade lanzouse o instrumento 'Punto Violeta', para implicar ao conxunto da sociedade na loita contra a violencia machista. O obxectivo é estender, de forma masiva, a información necesaria para saber como actuar ante un caso de violencia contra as mulleres.

'Punto Violeta' consta de tres puntos principais. Por unha banda, busca implicar a toda a sociedade na loita contra as violencias machistas. Por outro quere achegar a información dos servizos integrais ás vítimas a través da súa contorna. Finalmente, ten como obxectivo facilitar información sobre como actuar ante un caso de violencia machista a establecementos, entidades, empresas, organismos públicos.

Por todo o anterior, propoñemos ao pleno da corporación de Vilagarcía de Arousa os seguintes

**ACORDOS**

1.- Que o Concello de Vilagarcía de Arousa se implique nesta iniciativa, dando difusión e exposición aos distintos materiais da campaña tanto en redes sociais como nos espazos de

información municipal e atención cidadá, por exemplo, no transporte

público, centros socioculturais, equipamentos deportivos, oficinas de información turística, etc.

2.- Apoiar expresamente a iniciativa mediante a posta en marcha dunha campaña de difusión de 'Punto Violeta' entre o comercio da localidade.

3. – Que o Concello de Vilagarcía de Arousa se comprometa a habilitar o Punto Violeta de información en todos os eventos municipais que leven a cabo no municipio.

4.- Instar á Xunta de Galicia a que se some á iniciativa.

Dáse conta da emenda de substitución presentada polo grupo político municipal do PP:

substituír a redacción do apartado 4 dos acordos da moción, quedando do seguinte xeito:

4. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a colaborar coordinadamente no ámbito do Pacto de Estado contra a Violencia Machista e dentro do marco establecido, como son as conferencias sectoriais, as reunións quincenais ca Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero ou os grupos de traballo establecidos a tal fin.

Pola representante do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila aceptase a emenda presentada.

A seguir, sométese este asunto a votación coa emenda, dando o seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais de Podemos-Marea da Vila e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, para a implantación dun punto violeta no Concello.

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE de engadir no punto 3 dos acordos da moción eventos "multitudinarios" municipais, quedando do seguinte xeito:

3. – Que o Concello de Vilagarcía de Arousa se comprometa a habilitar o Punto Violeta de información en todos os eventos multitudinarios municipais que leven a cabo no municipio.

A Concelleira do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila acepta a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coas emendas dos grupos políticos municipais de PP e PSG-PSOE, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (17 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada e:

1.- Implicarse o Concello nesta iniciativa, dando difusión e exposición aos distintos materiais da campaña tanto en redes sociais como nos espazos de información municipal e atención cidadá, por exemplo, no transporte

público, centros socioculturais, equipamentos deportivos, oficinas de información turística, etc.

2.- Apoiar expresamente a iniciativa mediante a posta en marcha dunha campaña de difusión de 'Punto Violeta' entre o comercio da localidade.

3. – Comprometerse a habilitar o Punto Violeta de información en todos os eventos multitudinarios municipais que leven a cabo no municipio.

4.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a colaborar coordinadamente no ámbito do Pacto de Estado contra a Violencia Machista e dentro do marco establecido, como son as

conferencias sectoriais, as reunións quincenais ca Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero ou os grupos de traballo establecidos a tal fin.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE MEDIDAS URGENTES PARA POÑER FIN AO ABANDONO NA CONSERVACIÓN DOS ESPAZOS PÚBLICOS EN VILAGARCÍA:** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de agosto de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 18 de agosto de 2021, do seguinte teor:

## MOCIÓN

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de agosto de 2021 a seguinte MOCIÓN:

"Medidas urxentes para poñer fin ao abandono na conservación dos espazos públicos en Vilagarcía"

### EXPOÑEN

De un tempo a esta parte, son cada vez máis frecuentes as queixas da veciñanza de Vilagarcía en relación ao abandono xeralizado que sofre o noso municipio no que se refire á falta de limpeza e mantemento do mobiliario urbano e dos espazos públicos en xeral. Unhas queixas que teñen a súa orixe tanto no centro da cidade como nas zonas rurais.

No caso específico do rural de Vilagarcía este abandono é máis que constatable. En moitos lugares a maleza leva anos extendéndose polas beirarrúas e demais espazos públicos. E ante a ausencia de tarefas de intervención por parte do Concello, a veciñanza manifesta o seu sentimento de abandono por parte das autoridades locais.

En reiteradas ocasións esa veciñanza reiterou ao Grupo Municipal Popular que tan só aspiran a que o Concello garanta a súa accesibilidade, a limpeza dos seus espazos e a realización de traballos de mantemento continuados. Unhas demandas que non soamente son máis que razoables e xustificadas, senón que forman parte das obrigacións que calquera administración local debe cumprir en materia de prestación de servizos públicos.

Esta situación repítese no centro da cidade, en numerosos barrios que sufren tamén a falta de limpeza e mantemento. Coas consecuencias que isto supón e os múltiples problemas que xera: beirarrúas cheas de maleza, baldosas levantadas, tragantes atascadas, mobiliario urbano en mal estado de conservación, estradas con baches, etc.

Os parques da cidade súmanse tamén á lista de espazos descoidados da nosa cidade. Os seus elementos levan anos sen recibir a atención requerida en lugares de tanta afluencia (especialmente de persoas maiores e cativos). E non só adoce de falta de mantemento o mobiliario urbano que compón os parques, senón tamén todo o entorno que os rodea.

As praias de Vilagarcía tampouco se libran desta problemática e, de feito, neste caso hai que lamentar o feito de que este verán tiveran lugar varios accidentes provocados precisamente por ese mal estado de conservación das nosas praias: suciedade, rampas con madeira solta, tubos rotos e/ou mal sinalizados, progresiva perda de área.

Por último, desde o Grupo Municipal Popular consideramos que unha parte dos problemas referidos ao longo desta exposición son de fácil e rápida solución con tan só acometer os necesarios traballos de limpeza e mantemento. Sen embargo, outra parte dos problemas requiren



dunha solución máis complexa e que pasaría por aprobar de forma definitiva as bases para sacar a concurso un novo prego de condicións para o servizo de basuras e limpeza das vías públicas. O actual servizo, tal e como está concebido, non se corresponde coas actuais necesidades do municipio de Vilagarcía e, polo tanto, está a xerar deficiencias no cumprimento dos seus obxectivos. Unhas deficiencias que acaban derivando en moitos dos problemas referidos ao longo desta exposición.

Polo tanto, e por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía SOLICITA

1.- Instar ao Concello de Vilagarcía a elaborar un plan integral de conservación dos espazos públicos do municipio, co obxectivo de garantir a accesibilidade, a limpeza, a seguridade e o mantemento dos elementos urbanos, dos parques e das praias.

2.- Que se actúe con urxencia no proceso de licitación do novo contrato para a prestación de servizos de recollida de lixo e limpeza das vías públicas.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PP e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre medidas urxentes para poñer fin ao abandono na conservación dos espazos públicos en Vilagarcía.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con seis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (3), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e once votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre medidas urxentes para poñer fin ao abandono na conservación dos espazos públicos en Vilagarcía.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210729&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **8.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210826&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **9.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún

asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210826&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **10.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.** Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210826&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **11.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.**

Debido á aplicación das normas de distancia social e control de aforo para a prevención do COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210826&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:00, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.